

NUMAX NA ESCOLA 2023/2024



EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para os cursos de secundaria e bacharelato cun catálogo repleto de obras de prestixio internacional adaptado aos currículos educativos vixentes.

- 📖 Cada sesión vai acompañada de **materiais didácticos** (unidades, actividades, making of) que faciliten o traballo na aula antes e despois da proxección.
- 🗣️ O día da sesión haberá unha **presentación en sala** a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas.
- 💰 **Prezo:** **4€ por alumna/o**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.
- 👥 Estas condicións serán válidas para grupos mínimos de 40 estudantes.
- 📖 A **Librería NUMAX** tamén traballa con institucións e centros educativos. Conta connosco para realizar os teus **pedidos** de libros e DVD. Contáctanos escribindo ao correo electrónico libreria@numax.org



Incorporacións ao catálogo para o curso 2023/24

Arte, cinema e literatura



DOROTHÉ NA VILA

Alejandro Gándara, Olaia Tubio,
85 min, Galego, VO

A musicóloga suíza Dorothé Schubarth chegou a Galicia a finais dos 70 na busca de cancións tradicionais que desapareceran no centro de Europa. Desta busca saíron as 300 horas de gravacións que forman o Cancioneiro Popular Galego.

📌 Cancioneiro Popular Galego /
Memoria / Historia de Galicia




O PRINCIPIÑO

M. Osborne, 2015, 106 min, Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupery. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

🏆 Mellor Filme Premios Annie /
Sección Oficial Cannes

📌 Espírito de superación / Autoconecemento
O valor das pequenas cousas



LOVING VINCENT

Dorota Kobiela / Hugh Welchman,
95 min, Inglés, VOSG

A historia dos últimos días de Vincent Van Gogh pintada a man, fotograma a fotograma, por centos de pintores de todo o mundo a partir dos cadros do artista holandés.

🏆 Mellor Animación Premios Cinema Europeo
📌 Primeiro filme da historia pintado ao óleo /
Historia da Arte / Van Gogh



N!

ETERNA (GATA CATTANA)



Juan Sayalonga, David Sainz, 99 min, Español, VO

Documental sobre a vida e obra da rapeira Ana Isabel García Llorente, máis coñecida como Gata Cattana. O filme aborda as inquietudes humanas e artísticas a través da súa familia e amizades.

📌 Arte urbana / Poesía



N!

Educación en igualdade

20.000 ESPECIES DE ABEJAS

Estibaliz Urresola Solaguren, 129 min,
Español, Éuscaro e Francés, VOSE

Cocó, de oito anos, non encaixa nas expectativas do resto e non entende por que. Todos ao seu redor insisten en chamarlle Aitor pero non se reconece nese nome nin na mirada dos demais.

📌 Diversidade de xénero / Autoconecemento



SUFRAJISTAS

Sarah Gravron, 106 min, Inglés, VOSE

Inglaterra, comezos do século XX. Maud é unha traballadora do téxtil que comeza a militar de xeito activo no histórico movemento sufragista.

🏆 Mellor Deseño de Produción
Premios Cinema Europeo

📌 Sufraxismo / Feminismo



PAPICHA. SOÑOS DE LIBERDADE



Mounia Meddour, 106 min, Árabe, VOSE

Alxeria, anos 90. Nedjma é unha estudante universitaria que tenta que os acontecementos da guerra civil que comezan a ocorrer ao seu redor non lle impidan vivir unha vida normal, saír pola noite coa súa mellor amiga Wassila e vender vestidos feitos por ela nos bañas das discotecas.

📌 Feminismo / Sororidade



GIRLHOOD

Céline Sciamma, 112 min, Francés, VOSG

Marieme séntese agobiada pola súa familia, a escola e a implacábel lei dos rapaces do barrio, nas aforas de París. Pero a súa vida muda cando coñece un grupo de mozas de espírito libre.

🏆 4 Nominacións Premios César

📌 Multiculturalidade / Violencia de xénero




N!

PRIDE (ORGULLO)

Matthew Warchus, 120 min, Inglés, VOSE

Sendo primeira ministra Margaret Thatcher, o Sindicato Nacional de Mineiros convoca unha folga. Durante a manifestación do Orgullo Gay en Londres, un grupo de lesbianas e gays dedícase a recadar fondos para axudar as familias dos traballadores, pero o sindicato non acepta o diñeiro.

📌 Dereitos LGBTI / Sindicalismo



N!

BARBIE

Greta Gerwig, 114', VE / VOSE
Con Margot Robbie, Ryan Gosling



A pesar de vivir nun mundo colorido e ideal, Barbie faise moitas preguntas. Ao descubrir que é quen de apoiar os talóns no chan a célebre boneca decide calzar zapatos sen tacóns e viaxa con Ken ao mundo real.

📌 Sátira / Feminismo



Historia e presente

UN SACO DE BÓLAS

Christian Duguay, 100 min, Francés, VOSG

Durante a ocupación nazi en Francia, Maurice e Joseph son dous irmáns xudeus que deben abandonar a súa familia para se salvar. Adaptación do clásico da literatura xuvenil de Joseph Joffo.

🏆 Premio Educacine Barcelona Film Fest

📌 Segunda Guerra Mundial / Antisemitismo



KARL MARX DE MOZO

Raoul Peck, 112 min, Inglés-Francés-Alemán,
VOSG

No París de 1844, tras exilarse, Karl Marx coñece a Friedrich Engels. Xuntos mudarán a historia política do movemento obreiro coa publicación d'O *manifesto comunista*.

📌 Historia política / Filosofía / Comunismo



EL SILENCIO DE LOS OTROS

Almudena Carracedo/ Robert Bahar, 95', VO

Documental que relata a loita silenciosa das vítimas do longo réxime franquista na procura de xustiza.

🚩 Memoria histórica / Franquismo




MISS MARX

Susanna Nicchiarelli, 107 min, Inglés, VOSE

Eleanor Tussy Marx, filla pequena de Karl Marx, foi unha das primeiras feministas que continuou co legado de seu pai. Loitadora incansable polos dereitos da clase traballadora, pola abolición do traballo infantil, polos dereitos das mulleres e por moitas inxustizas máis...

🚩 Filosofía / Feminismo / Comunismo



O CASTELO AMBULANTE

Hayao Miyazaki, 119 min, Xaponés, VOSE

Sophie sofre un terríbel malfado que lle confire os aspectos dunha anciá. Decide pedir axuda ao mago Howl, que vive nun castelo ambulante, pero axiña descobre que Howl é quen realmente precisa axuda.

🏆 Nomeado aos Oscar

🚩 Viaxe sensorial / Fantasía



A PRINCESA MONONOKE

Hayao Miyazaki, 133 min, Xaponés, VOSE

No século XV, durante a era Muromachi, o bosque xaponés, protexido noutro tempo por animais xigantes, está a ser asolado polos humanos. Un xabarín transformado nun demo destrutor ataca de súpeto a vila de Ashitaka, futuro xefe do clan Emishi.

🚩 Respetto á natureza / Xenerosidade




OS DEMOS DE BARRO

Nuno Beato, 90 min, Galego, VG

Rosa, unha gran profesional e estrela da súa empresa, destrúe a súa computadora e marcha da cidade para sempre. Rosa acaba de perder a única familia que tiña, o seu avó Marcelino e viaxa ao campo recontrarse coas súas raíces.

🚩 Versión galega / Vida rural / Autoconecemento



ÍCARO Y EL MINOTAURO

Carlo Vogele, 76 min, Francés, VOSE / VE

Na illa de Creta, cada recuncho é un terreo de xogo para Ícaro, o fillo do gran inventor Dédalo. Nunha das exploracións, xunto ao palacio de Cnosos, o neno descobre algo estraño: un mozo con cabeza de touro vive encerrado baixo as ordes do rei Minos.

🚩 Mitoloxía clásica / Valor da diversidade



A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chegan a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

🏆 Oscar Mellor Filme Animación

🚩 Obra mestra da animación mundial / A imaxinación ao poder



TEMPOS MODERNOS

Charles Chaplin, 89 min, VOSE, 1936

Extenuado polo frenético ritmo da cadea de montaxe, un obreiro metalúrxico acaba perdendo a razón. Despois de recuperarse nun hospital, sae e é encarcerado por participar nunha manifestación na que se atopaba por casualidade.

🚩 Traballo en cadea / Solidariedade



DATING AMBER

David Freyne, 92 min, Inglés, VOSE

En Irlanda, a mediados dos 90, dous adolescentes, Eddie e Amber, finxen unha relación coa intención de que deixen de falar sobre a súa sexualidade.

🚩 Diversidade sexual



CLOSE

Lukas Dhont, 105 min, Francés, VOSG

O filme explora a estreita amizade entre dous rapaces de trece anos, Léo e Rémi, en plena transición cara á adolescencia. Tratando de entender o que foi mal entre ambos, Léo buscará consolo e comprensión na nai de Rémi, Sophie.

🚩 Amizade / Acoso escolar



LOS REYES DEL MUNDO

Laura Mora Ortega, 103 min, Español, VO

Unha historia sobre a desobediencia, a amizade e a dignidade que existe na resistencia. Rá, Culebro, Sere, Winny e Nano. Cinco rapaces da rúa de Medellín. Cinco reis sen reino, sen lei, sen familia, emprenden unha viaxe na procura da terra prometida.

🚩 Camaradería / Loita contra a desigualdade




EROSKI / PARAÍSO

Jorge Coira / Xesús Ron, 75 min, Galego, VO

Antonio e Eva coñecéronse na discoteca Paraíso en 1989. Agora están separados, levan anos sen verse e a discoteca na que se coñeceran transformouse nun supermercado Eroski.

🚩 Rexistros lingüísticos / Transformacións sociais



N!

AS BESTAS

Rodrigo Sorogoyen, 137 min, Español / Galego, VO

Unha parella francesa múdase a unha aldea galega en busca do contacto coa natureza. O seu entusiasmo pola contorna choca de fronte cunha familia local que viviu alí toda a vida.

👉 Vida rural / Feitos reais



N!

UNICORN WARS

Alberto Vázquez, 91 min, Galego, VG

O exército osiño adoutrina a novos recrutas para a guerra que libran contra os unicornios e ameaza a seguridade do pobo osiño. Os irmáns Azulín e Gordi, xunto a un inexperto grupo de recrutas, serán enviados a unha perigosa misión para salvar o Bosque Máxico.

👉 Violencia / Conflito bélico



N!

MATRIA

Álvaro Gago, 99 min, Galego, VO



Ramona é unha muller de corenta anos que vive sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible. Un día cruza-se con Xosé, un home con quen constrúe unha inusual amizade que lle permite pensar que, talvez, haxa algo novo polo que vivir.

👉 Desigualdade de xénero / Mundo laboral



Redes sociais e novos medios

SNOWDEN

Oliver Stone, 134 min, Inglés, VOSE

Edward Snowden tras o seu traballo na NSA e na CIA, filtra documentos que revelan importante información. Estes arquivos sacan á luz unha trama de espionaxe masivo por parte do Goberno de Estados Unidos.

👉 Espionaxe / Privacidade / Baseado en feitos reais



Desenvolvemento sostíbel

UN PEQUENO PLAN... COMO SALVAR O PLANETA

Louis Garrel, 67 min, Francés, VOSE

Abel e Marianne vense desorientados e confusos cando descubren que o seu fillo adolescente estivo vendendo, ás agachadas, varias pertenzas familiares para financiar un proxecto ecolóxico para salvar o planeta.

👉 Sección oficial BAFICI
👉 Ecoloxismo / Greta Thunberg



GAGARINE

Fanny Liatard, Jérémy Trouilh, 85 min, Francés, VOSE

Yuri, de 16 anos, viviu sempre nas Torres Gagarine nas aforas de París. Cando se decata dos plans para derrubar todo o bloque de apartamentos, embárcase xunto os seus amigos nunha misión para salvar o edificio.

👉 Rebeldía / Creatividade
👉 Sección oficial Cannes



N!

AS GARDIÁS DO PLANETA

Jean-Albert Lièvre, 82 min, Francés, VOSE

Mentres unha balea varada loita por salvar a súa vida, descubriremos a historia destas extraordinarias criaturas. Un filme sobre o lugar do ser humano na Terra e a necesidade vital de cooperación entre as especies que comparten o planeta.

👉 Fauna mariña / Ecoloxía



N!


Educación e pensamento

BRAINWASHED

Nina Menkes, 105 min, Inglés, VOSE

A partir da aclamada conferencia de Nina Menkes, "Sexo e poder: a linguaxe visual do cinema", o filme ofrece un fascinante estudo sobre o encadre dos corpos femininos e o abuso e a discriminación contra as mulleres no cinema.

👉 Feminismo / Linguaxe cinematográfica



AS NOSAS DERROTAS

Jean-Gabriel Périot, 96, Francés, VOSE

Retrato da nosa vinculación coa política a través dun xogo de reinterpretación a cargo de estudantes de secundaria. Reflexionan sobre conceptos como os sindicatos, o capitalismo ou as revoltas sociais.

👉 Premio CICAIE na Berlinale
👉 Pensamento crítico / Maio do 68

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9, baixo
Santiago de Compostela
T. 981 560 250 | www.numax.org
escola@numax.org

🌐 numax.org/na-escola
✉ escola@numax.org
☎ 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)